REUNIÓN DA COMISIÓN 1.ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

Día: 03.10.2017 Hora: 10:30

PARLAMENTO DE GALICIA

A Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 3 de outubro de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas orais

1.1 13082 (10/POC-002271)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis
Sobre a política do Goberno galego destinada a impulsar a participación de Galicia nos asuntos europeos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 158, do 04.08.2017

1.2 14452 (10/POC-002687)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 4 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto do establecemento de medidas urxentes e extraordinarias co fin de establecer unha liña de axuda humanitaria para atender as persoas galegas residentes en Venezuela, así como a habilitación dunha partida orzamentaria para a adquisición de medicamentos e artigos de primeira necesidade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 167, do 01.09.2017

1.3 14709 (10/POC-002718)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as razóns do Goberno galego para o mantemento das diferenzas existentes entre os vinte e catro grupos de emerxencias supramunicipais no referido ás probas de acceso, á situación e condicións laborais, á formación específica e aos protocolos de actuación
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 170, do 06.09.2017

1.4 16086 (10/POC-002856)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 6 máis
Sobre as melloras que se están a incorporar para incrementar a calidade e accesibilidade da información que se publica no ámbito da Administración pública de Galicia, as páxinas e os contidos máis consultados pola cidadanía, así como os datos referidos á tramitación das súas solicitudes de información e a incidencia que está a ter o novo Portal de Transparencia e Goberno Aberto na mellora da eficiencia e control do sector público autonómico

PARLAMENTO DE GALICIA

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 177, do 19.09.2017

1.5 16101 (10/POC-002860)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca
Sobre o numero de persoas refuxiadas acollidas en Galicia ao abeiro do plan de acollemento posto en marcha pola Xunta de Galicia, a valoración do Goberno galego respecto do desenvolvemento dese plan e o orzamento real destinado para ese fin
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 177, do 19.09.2017

Punto 2. Proposicións non de lei

2.1 8829 (10/PNC-000933)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre a regulación pola Xunta de Galicia das vontades dixitais, ou disposicións dunha persoa para extinguir todos os seus contornos dixitais despois da súa morte ou cando a súa capacidade se modifique xudicialmente
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 115, do 18.05.2017

2.2 15269 (10/PNC-001328)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 3 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas deficiencias e problemas de seguridade detectados no sistema informático LexNet na Administración de xustiza
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 174, do 13.09.2017

2.3 15974 (10/PNC-001367)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a retirada das inscricións franquistas existentes nas fachadas das igrexas católicas e, en particular, a que hai na da igrexa de Santiago en Cangas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 178, do 20.09.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

PARLAMENTO
DE GALICIA

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2017

César Manuel Fernández Gil
Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 1.ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

César Manuel Fernández Gil	P

Vicepresidenta

María Julia Rodríguez Barreira	P

Secretaria

Patricia Vilán Lorenzo	S

Vogais

Xosé Luís Bará Torres	BNG
Juan Manuel Díaz Villoslada	S
Jacobo Moreira Ferro	P
Antonio Mouriño Villar	P
María Isabel Novo Fariña	P
José Alberto Pazos Couñago	P
Paula Prado del Río	P
Carmen Santos Queiruga	EM
Luis Villares Naveira	EM

Reunión da Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 03.10.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais

Reunión da Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 03.10.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 13082(10/POC-002271)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis

Sobre a política do Goberno galego destinada a impulsar a participación de Galicia nos asuntos europeos

Publicación da iniciativa, 158, 04.08.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/07/2017 13:34
Nº Rexistro: 13082
Data envio: 26/07/2017 13:34:35.209

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, Antonio Mouriño Villar, Isabel Novo Fariña, César Fernández Gil, María Julia Rodríguez Barreira e Jacobo Moreira Ferro, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

O ano 2017 vai ser crucial para o futuro da Unión Europea. Ao longo da súa historia o proxecto de construción europeo nunca se enfrontou a tantos desafíos xuntos coma a saída do Reino Unido (Brexit), un novo enfoque das relacións cos EEUU e con Rusia, a crise dos refuxiados e da seguridade, o auxe dos populismos, etc.

Nun ano no que ademais celebramos o 60º aniversario dos Tratados de Roma, que deron orixe a actual Unión Europea, debemos pararnos a reflexionar sobre que modelo de Europa queremos ter nos vindeiros anos e, para iso, debemos identificar primeiro cales son os principais retos dos Estados membros e das súas rexións, dando unha resposta efectiva os problemas cotiás da cidadanía.

Con este propósito de fomentar o debate entre os Estados membros, a Comisión Europea vén de publicar un Libro branco sobre o futuro de Europa que recolle os principais desafíos e oportunidades da Europa dos 27 no próximo decenio a través de cinco escenarios diferentes. España, xunto con Francia, Italia e Alemaña están dispostas a ir mais aló na integración con todos aqueles que queiran seguir coa integración.

Unha rexión tan profundamente europeísta como Galicia e que tanto se ten beneficiado do proxecto de construción europea non pode manterse a marxe de todo o que está a acontecer e debe reforzar a súa voz en Europa.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan as seguintes **Pregunta Oral en Comisión:**

-Por tanto, que pensa facer o Goberno galego para impulsar a participación de Galicia nos asuntos europeos nesta étapa de cambio?

Santiago de Compostela, 26 de Xullo de 2.017.

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/07/2017 13:34
Nº Rexistro: 13082
Data envio: 26/07/2017 13:34:35.209

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Alberto Pazos Couñago na data 26/07/2017 13:32:32

Paula Prado Del Río na data 26/07/2017 13:32:46

Antonio Mouriño Villar na data 26/07/2017 13:33:03

María Isabel Novo Fariña na data 26/07/2017 13:33:14

César Manuel Fernández Gil na data 26/07/2017 13:33:40

María Julia Rodriguez Barreira na data 26/07/2017 13:33:44

Jacobo Moreira Ferro na data 26/07/2017 13:33:55

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 03.10.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 14452(10/POC-002687)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 4 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do establecemento de medidas urxentes e extraordinarias co fin de establecer unha liña de axuda humanitaria para atender as persoas galegas residentes en Venezuela, así como a habilitación dunha partida orzamentaria para a adquisición de medicamentos e artigos de primeira necesidade

Publicación da iniciativa, 167, 01.09.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2017 12:56
Nº Rexistro: 14452
Data envio: 22/08/2017 12:56:53.296

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodriguez, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

A finais dos anos corenta Venezuela converteuse nun país receptor de inmigración masiva debido á profunda transformación económica impulsada polo auxe petrolífero e pola política inmigratoria de portas abertas do goberno do ditador Pérez Jiménez. Entre 1953 e 1958, entraron arredor de 150.000 españois, sendo, aproximadamente, un terzo deles galegos.

A maioría aséntase na capital, onde os que xa estaban instalados infórmanos sobre os posibles postos de traballo e aloxamento, contando tamén co asesoramento dos centros galegos (Lareira Galega e Centro Galego), fundados en 1945 e 1948 respectivamente, por exiliados republicanos, entre cuxos obxectivos está o socorro mutuo e a asistencia ao emigrante recentemente chegado o país, normalmente sen familia e sen recursos económicos.

A crise en Venezuela fai referencia á crise económica que desde 2013 sofre o país, e que estendida durante anos mostrou que non soamente é unha crise económica, senón tamén unha crise institucional, política e social.

O informe anual *Venezuela 2016/2017* de Amnistía Internacional é especialmente preocupante.

Segundo este informe, o Goberno declarou o Estado de excepción e prorrogouno catro veces. A maioría das persoas sospeitosas de ser responsables de crimes de dereito internacional e violacións de dereitos humanos cometidos durante as protestas de 2014 aínda non compareceron ante a xustiza. Continua a violencia e o amontoamento nos cárceres. As sobreviventes da violencia de xénero enfrontábanse a considerables obstáculos para acceder á xustiza. Buscando o seu descrédito, lanzábanse frecuentes campañas de discriminación contra periodistas e defensores e defensoras dos dereitos humanos, que tamén sufrían agresións e intimidación. Seguiuse encarcerando a persoas críticas co Goberno e a membros

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2017 12:56
Nº Rexistro: 14452
Data envio: 22/08/2017 12:56:53.296

da oposición política. Denunciouse o uso excesivo da forza por parte da policía e das forzas de seguridade.

A maioría das sentenzas e das ordes sobre Venezuela ditadas pola Corte Interamericana de Dereitos Humanos aínda non se cumpriran ao rematar o ano 2016.

A escaseza de alimentos e medicamentos intensificouse de xeito alarmante, o que desatou protestas en todo o país.

En outubro, o alto comisionado das Nacións Unidas para os dereitos humanos declarou que varios relatores especiais tiveran dificultades para visitar o país porque o Goberno non lles concedía os permisos pertinentes.

En contra do disposto polas normas internacionais de dereitos humanos, xulgase a civís perante os tribunais militares. As forzas policiais negábanse a cumprir as ordes de posta en liberdade ditadas polos tribunais.

O Tribunal Supremo de Xustiza limitou drasticamente mediante resolucións ás facultades da Asemblea Nacional, con maioría da oposición, o que entorpecía a capacidade dos deputados e deputadas para representar aos pobos indíxenas. O Tribunal Supremo tamén anulou unha declaración parlamentaria sobre a non discriminación relacionada coa orientación sexual e a identidade de xénero, e unha declaración que pedía o cumprimento das decisións adoptadas polas organizacións intergobernamentais.

A retirada do país da xurisdición da Corte Interamericana de Dereitos Humanos (efectiva desde 2013) continuou privando do acceso á xustiza, á verdade e á reparación ás vítimas de violacións de dereitos humanos e as súas familias.

Segundo o Observatorio Venezolano de Conflitividade Social, durante o ano 2016 rexistráronse aproximadamente 590 manifestacións ao mes. A maioría estaban relacionadas con demandas de dereitos económicos, sociais e culturais, en particular co acceso a alimentos, saúde e vivenda.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2017 12:56
Nº Rexistro: 14452
Data envio: 22/08/2017 12:56:53.296

Seguiuse a encarcerar a persoas que se opoñían politicamente ao Goberno. Segundo o Foro Penal Venezolano, máis dun cento de persoas estaban retidas por razóns políticas.

O Comité de Dereitos Humanos da ONU expresou preocupación sobre os informes de abusos cometidos polo exército contra os pobos indíxenas establecidos na Guajira, Estado Zulia, na fronteira con Colombia.

A crise económica e social no país seguiu empeorando. Ante a falta de estatísticas oficiais, axencias privadas e independentes, como o Centro de Documentación e Análises para os Traballadores (Cenda), informaron de que desde novembro de 2015 ata outubro de 2016 houbo unha inflación do 552 % nos produtos alimentarios, o que dificultaba enormemente á poboación a compra de alimentos, incluso cando os encontraban. Segundo o Observatorio Venezolano da Saúde, o 12,1 % da poboación comía unicamente dúas veces ao día. A Fundación Bengoa para a Alimentación e Nutrición estimaba que o 25 % dos nenos e nenas padecían malnutrición.

Estas son algunhas das dramáticas conclusións do informe.

Neste difícil contexto político, social e económico, dende comezos de 2016, o Goberno de Venezuela non está facendo fronte aos pagos que deben percibir os pensionistas e xubilados españois que teñen retornado daquel país, pertencendo a este colectivo máis de 3.500 retornados galegos. Estes pagos mensuais debe abonalos o Goberno de Venezuela en virtude do correspondente convenio bilateral asinado con España.

Nos supostos de máis necesidade, moitos dos nosos emigrantes retornados de Venezuela poden estar xa a sufrir situacións graves, non podendo acceder ademais aos servizos de emerxencia social ou vendo retirados os complementos de mínimos da Seguridade Social.

A situación dos galegos que residen en Venezuela están loxicamente a sufrir a situación descrita.

Estamos así diante dun grave deterioro do Estado de dereito na República de Venezuela. Este proceso acadou unha situación crítica o mércores 29 de marzo, cando o Tribunal Supremo de Xustiza venezolano asumía as competencias da

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2017 12:56
Nº Rexistro: 14452
Data envio: 22/08/2017 12:56:53.296

Asemblea Nacional, limitando a inmunidade aos seus deputados e outorgándose poderes extraordinarios en materia penal, militar, económica, social, política e civil. Este intento de abolición da máis básica das regras dun réxime democrático, o respecto á lei, que foi rectificado grazas á presión internacional, levou a que numerosos países e organismos falaran de ruptura da orde democrática en Venezuela.

Dezanove países aprobaron na OEA o pasado 3 de abril unha resolución denunciando unha "violación da orde constitucional" en Venezuela, esixindo a reinstauración da separación de poderes.

O 1 de maio o presidente venezolano, Nicolás Maduro, anunciou de forma unilateral a convocatoria dunha "asemblea nacional constituínte". A pesar das reiteradas resolucións, ditames e declaracións, provenientes da Unión Europea, así como as do presidente del Parlamento Europeo, Antonio Tajani, de organismos rexionais como Mercosur ou a Organización dos Estados Americanos (OEA) e o seu secretario xeral, Luis Almagro, ou das principais organizacións non gobernamentais encargadas de velar polos dereitos humanos, e do intento de mediación promovido por Unasur coa participación dos 3 ex presidentes e o Vaticano, o Goberno venezolano mantén o seu rumbo, ignorado sistematicamente as chamadas á sensatez e ao diálogo.

É necesario así adoptar todas as medidas precisas, no ámbito das relacións exteriores e sen deixar de confiar nas manifestacións de diálogo e mediación en marcha, para avanzar decididamente na paz social, a estabilidade política e institucional en Venezuela, con pleno dereito á democracia e respecto aos Dereitos Humanos. Os lazos entre Galicia e Venezuela, a situación dos galegos que residen naquela república e a dos emigrantes retornados, esixen que por parte da nosa Comunidade se tomen todas as iniciativas posibles.

Ante esta situación as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Vai o Goberno galego establecer medidas urxentes e extraordinarias para a atención dos galegos residentes en Venezuela coa finalidade de establecer unha liña de axuda humanitaria para a consecución de medicamentos e artigos de primeira necesidade ante a situación de dramatismo que se está a vivir?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2017 12:56
Nº Rexistro: 14452
Data envio: 22/08/2017 12:56:53.296

Grupo Parlamentario

2ª) Vai o Goberno galego habilitar unha partida orzamentaria para a adquisición de material farmacéutico e de necesidades básicas para a colonia galega en Venezuela?

Pazo do Parlamento, 21 de agosto de 2017

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 22/08/2017 12:49:36

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 22/08/2017 12:49:43

Patricia Vilán Lorenzo na data 22/08/2017 12:50:00

Julio Torrado Quintela na data 22/08/2017 12:50:07

Noela Blanco Rodríguez na data 22/08/2017 12:50:14

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 03.10.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 14709(10/POC-002718)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para o mantemento das diferenzas existentes entre os vinte e catro grupos de emerxencias supramunicipais no referido ás probas de acceso, á situación e condicións laborais, á formación específica e aos protocolos de actuación

Publicación da iniciativa, 170, 06.09.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2017 11:39
Nº Rexistro: 14709
Data envio: 29/08/2017 11:39:47.524

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, **Luis Bará Torres**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Os Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES) nacen dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), e as Deputacións Provinciais.

Son 24 grupos en toda Galicia cun total de 288 integrantes, cunha existencia asegurada ata o 2018 e cun orzamento de 22,3ME

As funcións dos GES son do máis variado:

--Intervirán en incendios forestais e urbanos no ámbito territorial das súas demarcacións.

--Realizarán prácticas preventivas de carácter local para crear discontinuidades verticais e horizontais na cuberta vexetal con rozas nos terreos forestais ou de ***influencia forestal*** de titularidade municipal ou de propietario descoñecido e perímetros ou parcelas declaradas coma abandonadas.

- Actuarán en situacións derivadas do desencadeamento de riscos naturais, como nevadas, inundacións, seca ou episodios meteorolóxicos adversos.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2017 11:39
Nº Rexistro: 14709
Data envio: 29/08/2017 11:39:47.524

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Intervirán tamén en situacións de risco e de emerxencia para mante-la rede de estradas, pero sen seren responsables do seu mantemento. Farano procedendo á limpeza e retirada de obxectos, singularmente no caso de accidentes e en situacións derivadas de riscos naturais coma nevaradas, inundacións, temporais, xeadas ou chuvias intensas.

- Poderán participar en operativos de protección civil que se planifiquen en casos de actividades nas que se rexistran aglomeracións significativas de persoas.

- Participarán na retirada de niños e colonias de néspera velutina.

A creación dos GES foi unha operación para crear bombeiros a prezo de saldo. Primeiro non dándolles o estatus laboral de bombeiros, e segundo deixando a xestión ós concellos sen control ningún.

Os compoñentes dos GES están expostos ós mesmos perigos cós bombeiros pero sen teren, por exemplo, xubilación anticipada, como si teñen os bombeiros. Non teñen os Equipos de Protección Individual requiridos para traballar en exposicións a gases contaminantes e velenosos da combustión (na maioría dos GES ou non hai ou son compartidos). As bases non cumpren a normativa de prevención de riscos laborais. O material non pasa as revisións debidas. Non teñen os pluses de perigosidade que si teñen os bombeiros cando están sometidos ós mesmos riscos, e xa non falemos dos salarios de 800-900 euros.

Trátase, pois, dun novo *chiringuito* multifuncional ó servizo dos alcaldes amigos por un prezo módico e suxeito a unha explotación laboral e a unha manifesta arbitrariedade de funcións. Serven para todo mais á hora da verdade non están operativos para as funcións que lles foron encomendadas.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2017 11:39
Nº Rexistro: 14709
Data envio: 29/08/2017 11:39:47.524

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non teñen a preparación necesaria e obrigatoria pra tódolos operativos que se ocupen das emerxencias. Non teñen continuidade. Están sometidos a procesos de selección arbitrarios e inadecuados. Non teñen estabilidade laboral. Están mal pagados e sobre todo contribúen á atomización das emerxencias sendo un elemento máis no caos establecido.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en comisión:

Cales son as razóns que aduce o goberno galego para o mantemento de 24 GES cunha heteroxeneidade escandalosa en canto a probas de acceso de persoal, condicións de traballo, dotación de material, condicións laborais e salariais, número de horas e contidos de formación específica e protocolos de actuación?

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**
Luis Bará Torres
Noa Presas Bergantiños
Olalla Rodil Fernández
Montserrat Prado Cores
Ana Belén Pontón Mondelo
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2017 11:39
Nº Rexistro: 14709
Data envio: 29/08/2017 11:39:47.524

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/08/2017 11:31:12

María Montserrat Prado Cores na data 29/08/2017 11:31:17

Ana Pontón Mondelo na data 29/08/2017 11:31:19

Olalla Rodil Fernández na data 29/08/2017 11:31:21

Noa Presas Bergantiños na data 29/08/2017 11:31:22

Xosé Luis Bará Torres na data 29/08/2017 11:31:24

Reunión da Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 03.10.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.4 16086(10/POC-002856)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre as melloras que se están a incorporar para incrementar a calidade e accesibilidade da información que se publica no ámbito da Administración pública de Galicia, as páxinas e os contidos máis consultados pola cidadanía, así como os datos referidos á tramitación das súas solicitudes de información e a incidencia que está a ter o novo Portal de Transparencia e Goberno Aberto na mellora da eficiencia e control do sector público autonómico

Publicación da iniciativa, 177, 19.09.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2017 11:32
Nº Rexistro: 16086
Data envio: 12/09/2017 11:32:00.603

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, César Fernández Gil, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar, Alberto Pazos Couñago, Julia Rodríguez Barreira e **Jacobo Moreira Ferro**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

Na pasada lexislatura, a Xunta e o Grupo Popular desenvolveron coordinadamente a aplicación dun Programa de Impulso Democrático baseado nun maior control sobre a actividade política: tanto control interno, coa nova lei dos servizos xurídicos como control externo co reforzo do Consello de Contas con atribucións de prevención da corrupción. E, moi especialmente, cun substancial incremento do control cidadá a través da Lei de participación cidadá no Parlamento e coa Lei de transparencia e bo goberno.

Deste xeito, a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro regula a transparencia e o bo goberno no ámbito da Administración pública de Galicia habilitou diversos mecanismos de transparencia e de bo goberno que funcionan como contrapesos que garanten a protección da cidadanía fronte a hipotéticas arbitrariedades do poder público e o uso indebido dos cartos ou patrimonio públicos.

Por exemplo, hai máis dun ano que o Goberno galego procedeu á posta en marcha do Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1. Que melloras se están a incorporar progresivamente para incrementar a calidade, a accesibilidade da información que se publica?

2. Cales son as páxinas máis vistas e os contidos máis consultados pola cidadanía?

3. Cantas solicitudes de información pública ten recibido o goberno galego da cidadanía e cal é o seu estado de tramitación?

4. Cal é o procedemento ou os trámites que se levan a cabo desde que se decide publicar unha información ata que se publica no Portal?.

5. Que problemática se ten xerado na implementación destas obrigas de transparencia e de difusión da información?

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2017 11:32
Nº Rexistro: 16086
Data envio: 12/09/2017 11:32:00.603

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

6. Que incidencia ten o novo Portal de Transparencia e Goberno Aberto na mellora da eficiencia e control do sector público autonómico?

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado Del Río na data 12/09/2017 11:24:41

César Manuel Fernández Gil na data 12/09/2017 11:24:56

María Isabel Novo Fariña na data 12/09/2017 11:24:59

Antonio Mouriño Villar na data 12/09/2017 11:25:11

Alberto Pazos Couñago na data 12/09/2017 11:25:20

María Julia Rodriguez Barreira na data 12/09/2017 11:25:30

Jacobo Moreira Ferro na data 12/09/2017 11:25:38

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 03.10.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.5 16101(10/POC-002860)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca

Sobre o numero de persoas refuxiadas acollidas en Galicia ao abeiro do plan de acollemento posto en marcha pola Xunta de Galicia, a valoración do Goberno galego respecto do desenvolvemento dese plan e o orzamento real destinado para ese fin

Publicación da iniciativa, 177, 19.09.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2017 13:22
Nº Rexistro: 16101
Data envio: 12/09/2017 13:22:25.070

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta **oral en Comisión,** sobre **o desenvolvemento do Plan de Acollida de Persoas Refuxiadas da Xunta de Galicia.**

A principios de 2016, por primeira vez desde a Segunda Guerra Mundial, o número de persoas desprazadas dos seus fogares como consecuencia dos conflitos, a persecución, e as violacións de Dereitos Humanos nos seus países de orixe superou os 65 millóns segundo datos de ACNUR. Unha cifra que se incrementaría si sumásemos as miles de persoas que se viron obrigadas a desprazarse por desastres naturais ou pobreza. Esta situación pon ao descuberto a incapacidade da comunidade internacional para resolver e previr conflitos e situacións de emerxencia humanitaria, así como a falta de vontade política para cumprir coas obrigas internacionais en materia de Dereitos Humanos e protección internacional.

Centrándonos unicamente no caso de Siria, deberíamos falar de cinco millóns de persoas refuxiadas dende o inicio do conflito. Cinco millóns de persoas refuxiadas que non atoparon asilo nesa Unión Europea que se dicía bandeira dos dereitos humanos e que máis que conseguiu foi un acordo de reasentamento que naceu, hai case dous anos, abocado ao fracaso ante o falta real de vontade e compromiso político.

Dito acordo supoñía que o Estado Español acollería a 17.337 persoas. Apenas dez días antes de que expire o prazo fixado pola propia UE para o 26 de setembro atopámonos cun fracaso total e absoluto. Toda vez que apenas se cumpriu co 6% dos compromisos de recolocación.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2017 13:22
Nº Rexistro: 16101
Data envio: 12/09/2017 13:22:25.070

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Do mesmo xeito a lexislatura pasada viu a aprobación de diversas iniciativas parlamentarias a prol da acollida das persoas refuxiadas así como o anuncio por parte do goberno dun Plan de acollida para persoas refuxiadas do que apenas temos información.

Ante esta situación o grupo parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas:

1. Cantas persoas foron acollidas en Galicia baixo o amparo directo do Plan de Acollida para Persoas Refuxiadas posto en marcha pola Xunta de Galicia?
2. Considera o Goberno galego ter feito un esforzo suficiente para a acollida das persoas refuxiadas?
3. Cal é a valoración que realiza a Xunta de Galicia da posta en marcha de dito Plan?
4. Cal foi o orzamento real destinado á aplicación do Plan de Acollida?

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez
Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 12/09/2017 13:20:19

Reunión da Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 03.10.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 03.10.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 8829(10/PNC-000933)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a regulación pola Xunta de Galicia das vontades dixitais, ou disposicións dunha persoa para extinguir todos os seus contornos dixitais despois da súa morte ou cando a súa capacidade se modifique xudicialmente

Publicación da iniciativa, 115, 18.05.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2017 17:15
Nº Rexistro: 8829
Data envio: 09/05/2017 17:15:18.698

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada** e **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Exposición de motivos

Internet tense convertido nunha realidade omnipresente na nosa vida persoal e colectiva, tanto que cómpre traballar no pulo da garantía dos dereitos da cidadanía nese mundo.

A propia UE ten previsto un futuro regulamento (que entrará en vigor en maio de 2018) sobre transparencia e *open data*, o que pon de manifesto o fundamental de internet para as vidas das persoas.

Non obstante, en España, a CE de 1978 (no seu artigo 18) evidencia claras limitacións para atender ás necesidades actuais de garantía dos dereitos dixitais da cidadanía, tamén despois da súa morte ou cando a súa capacidade é xudicialmente modificada, xa que estamos a falar de dereitos persoalísimos, polo que a extinción das contornas dixitais só pode ser feita pola persoa mesma. Non só a Constitución, incluso a lexislación nacional vixente en materia de sucesións non dá resposta a estas cuestións, polo que convén entón establecer unhas normas que permitan determinar a cada persoa como debe administrar o seu legado persoal en relación cos seus dereitos dixitais, é dicir, despois da morte ou cando a súa capacidade é xudicialmente modificada.

E nesta materia de dereitos dixitais, a lexislación galega non é unha excepción: a Lei de dereito civil de Galicia 2/2006, do 14 de xuño, regula a sucesión por causa de morte no seu Título X, pero nada di sobre as vontades dixitais das persoas, que se poderían regular a través dalgunha das

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2017 17:15
Nº Rexistro: 8829
Data envio: 09/05/2017 17:15:18.698

formas de testamento que a propia lei regula, mediante pactos sucesorios ou incluso a través das disposicións testamentarias especiais.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a regular as vontades dixitais (ou disposicións para extinguir unha persoa todas as súas contornas dixitais) que se establecen para despois da morte ou para cando a capacidade sexa xudicialmente modificada, ben nas formas sucesorias que regula o Título X da Lei de dereito civil de Galicia 2/2006, do 14 de xuño, ou ben na forma dun documento de vontades dixitais que se ha de inscribir no rexistro de vontades dixitais creado a tal efecto.

Pazo do Parlamento, 9 de maio de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 09/05/2017 17:02:30

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 09/05/2017 17:02:35

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 09/05/2017 17:02:40

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/05/2017 17:02:42

Reunión da Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 03.10.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 15269(10/PNC-001328)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 3 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas deficiencias e problemas de seguridade detectados no sistema informático LexNet na Administración de xustiza

Publicación da iniciativa, 174, 13.09.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2017 18:11
Nº Rexistro: 15269
Data envio: 04/09/2017 18:11:10.937

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **EN MAREA** a través dos seu voceiro, **Luís Villares Naveira**, e das súas deputadas **Carmen Santos Queiruga, Paula Quinteiro Araújo e Paula Vázquez Verao,** ao abeiro do artigo 160 do Regulamento desta Cámara presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1.ª.**

Exposición de motivos

Neste ano constatáronse as graves deficiencias ocorridas no programa LEXNET, un programa informático para o traballo dos operadores xurídicos cos xulgados e tribunais e unha nova forma de comunicación que permitiría reducir os custes do papel ata chegar o nivel 0 de uso do mesmo.

Esta ferramenta informática e de comunicación electrónica é de uso obrigado para as persoas procuradoras, funcionarias e avogadas no exercicio das súas labores de comunicación cos tribunais e implantouse como obrigatorio o 1 de xaneiro do 2016.

Un fallo descuberto por un estudante o día 27/07/2017 deixou a vista a posibilidade de suplantación de identidade e acceso aos perfís de todos os operadores xurídicos. Isto foi especialmente grave en Galicia, onde a posibilidade de visualizar as causas abertas nos xulgados e tribunais sumouse a de poder modificar as mesmas ao antollo. O estudante descargou algún dos expedientes para probar os fallos do mesmo, inda que previamente avisara ao Ministerio de Xustiza da vulnerabilidade do sistema de comunicación LEXNET. A estas alturas este estudante ten unha denuncia interposta do Ministerio de

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2017 18:11
Nº Rexistro: 15269
Data envio: 04/09/2017 18:11:10.937

Xustiza por avisar do fallo ante Brigada de Investigación Tecnolóxica de la Policía Nacional en la Comisaria de Canillas.

Tamén, e debido ao fallo do sistema milleiros de datos víronse comprometidos e expostos supondo unha violación da normativa da Lei Orgánica de Protección de Datos. Noutros casos a exposición dos datos porán en perigo a vida de persoas, testemuñas, etc. e que serán obxecto de tráfico ilegal no mercado negro.

O fallo foi " solucionado" en 5 horas, e segundo comunicacións do Ministerio de Xustiza, e restableceuse o funcionamento normal do sistema o 31 de xullo, inda que a realidade é ben distinta, pois non funcionou durante días previos ao parón vacacional, impedindo o normal funcionamento dos servizos de Xustiza. O arranxo do sistema custará uns 61,20 millóns de euros,partida que o goberno acaba de aprobar para resolver unha das maiores neglixencias informáticas da historia, inda que os graves furados de seguridade que ten o sistema farán que o sistema falle outra vez.

O Ministro de Xustiza Rafael Catalá explicou nunha sesión extraordinaria e urxente da Comisión de Xustiza do Congreso dos Deputados o fallo do sistema de comunicacións Lexnet o día 31 de agosto. Nela dixo que o sistema "era fiable, pechado, e seguro e que se usaba de xeito legal e ético era imposible acceder a información allea ao usuario". O fallo segundo o Ministro consistiu nun erro de programación do Software que permitía que un profesional da Xustiza puidese acceder a caixa de correo doutro profesional. A vulnerabilidade non depende da ética depende da ciberseguridade, que impide e/ou mitiga as intencións das persoas que queiran detectar as fallas dun sistema e aproveitalas para delinquir.

Por todo o exposto o grupo parlamentar EN MAREA presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno central para:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2017 18:11
Nº Rexistro: 15269
Data envio: 04/09/2017 18:11:10.937

GRUPO PARLAMENTAR en marea

1.- Permitir aos profesionais empregar indistintamente a presentación en papel ou sistema Lexnet mentres se solucionan todas as fendas e fallos de seguridade do mesmo.

2.- Mellorar o sistema para garantir o intercambio de ficheiros de máis de 15 megabytes.

3.- Incorporar aos especialistas informáticos externos (hackers) no estudo das fallas e vulnerabilidades de seguridade mediante os correspondentes incentivos.

4.- Actualizar os programas cos que se traballa na Administración de Xustiza (JAVA provoca erros de navegación e xa non se usa noutros países) no ámbito de protección de datos.

5.- Informar sobre o custo total do sistema e implantación Lexnet e das empresas que formaron parte del.

6.- Esixir a depuración de posibles responsabilidades pola neglixencia no desenvolvemento e mantemento do sistema de notificacións LEXNET.

7.- Consultar aos operadores xurídicos os sistemas a implantar e que esta sexa progresiva, así como os navegadores, correos electrónicos cos que deben traballar os operadores xurídicos no ámbito do seu exercicio profesional.

8.- Dotar de suficiencia orzamentaria a Administración de Xustiza para garantir a súa axilidade no funcionamento sen diminución da seguridade e a protección de datos de carácter persoal.

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2017.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2017 18:11
Nº Rexistro: 15269
Data envio: 04/09/2017 18:11:10.937

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 04/09/2017 18:03:41

Carmen Santos Queiruga na data 04/09/2017 18:03:49

Paula Quinteiro Araújo na data 04/09/2017 18:03:56

Paula Vázquez Verao na data 04/09/2017 18:04:07

Reunión da Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 03.10.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.3 15974(10/PNC-001367)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a retirada das inscricións franquistas existentes nas fachadas das igrexas católicas e, en particular, a que hai na da igrexa de Santiago en Cangas

Publicación da iniciativa, 178, 20.09.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 12:27
Nº Rexistro: 15974
Data envio: 11/09/2017 12:27:33.541

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa ás inscricións franquistas que aínda permanecen nas fachadas das igrexas católicas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. Malia a aprobación en 2007 da chamada Lei de memoria histórica, pasan os anos e seguen visibles inscricións franquistas na fachada da igrexa ex Colexiata de Santiago de Cangas. A retirada desta simboloxía antidemocrática é unha vella demanda social e política do concello de Cangas.

A *Asociación Cultural Memoria Histórica 28 de Agosto de Cangas*, colectivos e particulares, teñen exposto repetidas veces a necesidade de tratar de consensuar e dar unha solución a este tema que ten que ver co respecto aos valores democráticos. Os restos desa homenaxe ao réxime franquista e que resultan agresivos para a sociedade en xeral deberíanse de retirar definitivamente das paredes da igrexa parroquial.

O Concello de Cangas, a través das súas autoridades políticas, téñense posto en contacto varias veces co Arcebispado de Santiago, por pertencer este ámbito territorial á nomeada diócese, trasladando acordos plenarios neste sentido. Todos os intentos de

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 12:27
Nº Rexistro: 15974
Data envio: 11/09/2017 12:27:33.541

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

xestionar unha saída consensuada foron negativos, incluso asumindo o propio Concello a pertinente actuación.

2. O mantemento da simboloxía franquista na parede sur exterior da igrexa parroquial de Cangas constitúe un atentado contra os valores democráticos e unha ofensa á memoria das vítimas do franquismo.

Este tipo de inscricións, que aínda permanecen nas fachadas de moitas igrexas galegas, teñen un significado estritamente político –o aliñamento da igrexa co levantamento militar fascista e as súas dramáticas consecuencias-, sen ningún contido relixioso.

A pervivencia deste tipo de símbolos poñen de manifesto a continuidade do franquismo na nosa sociedade, e tamén as actitudes de complicidade, connivencia ou de pasividade que o permiten.

3. Por as razón citadas anteriormente non fosen motivo suficiente que xustifica a retirada dos citados símbolos, hai que facer notar que ademais dun atentado contra a democracia son tamén unha escandalosa agresión contra o patrimonio cultural posto que a cruz, as letras e outros elementos foron adheridos á pedra con cemento.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 12:27
Nº Rexistro: 15974
Data envio: 11/09/2017 12:27:33.541

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Negociar co arcebispado de Santiago, no marco da comisión mixta Xunta-Igrexa Católica, a retirada da inscrición franquista da igrexa de Santiago de Cangas antes de finais do ano 2017.

2. Estender esta negociación a outras inscricións similares que aínda permanecen nas fachadas das igrexas, co obxecto de que se retiren no prazo máis breve posíbel.

3. No caso de que a Igrexa Católica non amose disposición a colaborar, iniciar os correspondentes expedientes para ordenar a retirada das citadas inscricións, considerando a súa dobre condición de símbolos de exaltación do franquismo e de atentados contra o patrimonio."

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 12:27
Nº Rexistro: 15974
Data envio: 11/09/2017 12:27:33.541

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 11/09/2017 12:26:59

María Montserrat Prado Cores na data 11/09/2017 12:27:04

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/09/2017 12:27:07

Olalla Rodil Fernández na data 11/09/2017 12:27:10

Noa Presas Bergantiños na data 11/09/2017 12:27:12

Ana Pontón Mondelo na data 11/09/2017 12:27:19